

O IES Frei Martín, premiado nun certame de oratoria

► Alumnado do IES de Soutomaior e do instituto pontevedrés gañan o concurso ComunicaTedu

PONTEVEDRA. A conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, Carmen Pomar, presidiu onte a entrega dos premios do concurso de oratoria ComunicaTedu, organizado polo seu departamento co obxectivo de que o alumnado afonde na adquisición da competencia en comunicación lingüística, desta vez en relación coa temática de igualdade e prevención da violencia de xénero.

Os primeiros premios, dotados con 2.000 euros, foron para o CPI Plurilingüe de Castroverde (Lugo) na categoría de ESO e para o IES de Soutomaior -que se inaugurou este curso- na de Bacharelato. O segundo, dotado con 1.500 euros, foi para o IES Frei Martín Sarmiento (Pontevedra) na categoría de ESO.

Durante a súa intervención a conselleira salientou o traballo realizado polos participantes

durante o curso, «co apoio e guía das vosas titoras e titores, que permitiu a sensibilización da comunidade educativa dos vosos centros en temas de fondo calado social». «Temas como a coeducación e a igualdade, que son un compromiso firme que temos na Consellería de Educación para garantir un modelo educativo baseado no respecto e na liberdade», sinalou.

Carmen Pomar destacou ademais que as exposicións presentadas son resultado de promover «unha educación activa, con metodoloxías innovadoras e traballando por proxectos», e lembrou que o concurso naceu da man da materia de Oratoria e que este curso estiveron tamén implicadas as materias de Igualdade de Xénero, Sociedade Inclusiva e Coeducación para o século XXI.

IGUALDADE. O concurso baséase na preparación dunha intervención por cada equipo de estudantes participante sobre un tema determinado, e na súa gravación para sometela á avaliación do xurado.

Unha vez seleccionadas, as sete intervencións mellor valoradas -recoñecidas cun diploma que acredite esta distinción- participaron onte na fase final do certame, na que as alumnas e alumnos realizaron de novo a súa exposición para a súa gravación definitiva e difusión a través do portal educativo.

Este ano o certame centrouse na igualdade e na prevención da violencia de xénero. Deste xeito, o concurso complementa a oferta de Oratoria como materia de libre configuración autonómica en 1º e 2º de ESO, así como -pola temática escollida este ano- as materias de Igualdade de Xénero, Sociedade Inclusiva e Coeducación para o século XXI. En total participaron un total de doce equipos de seis centros educativos de toda a xeografía galega.



Carmen Pomar, recibida pola comunidade educativa do instituto pontevedrés. JAVIER CERVERA-MERCADILLO

«A música debe ser un eixo transversal na educación»

- Carmen Pomar asistiu á XI Semana da Música do IES A Xunqueira II
- A conselleira felicitou ao centro por ser «un referente de calidade»

CHUS GÓMEZ

PONTEVEDRA. «A música debe ser un eixo transversal no proceso educativo. É un factor para convivir, para estimular o pensamento creativo», subliñou onte a conselleira de Educación, Carmen Pomar, no IES A Xunqueira II, onde asistiu ás actividades da XI Semana da Música, o tradicional evento que mostra o centro como «un referente en calidade educativa».

De feito, esta iniciativa forma parte das actividades que o instituto desenvolve dentro dos contratos-programa, en concreto na liña de Mellora do nivel de coñecemento para acadar a excelencia. Tamén leva a cabo o Programa de formación e mentoring para o desenvolvemento do talento Piteas.

A conselleira felicitou o equipo directivo e docente do IES polo seu compromiso co reforzo do alumnado con máis dificultades, coa mellora das competencias clave, coa prevención do abandono temperá, coa excelencia, coa igualdade e coa

mellora da xestión do centro. Non en balde, desenvolve a totalidade das sete liñas de actuación que se ofertaron este curso na convocatoria de contratos-programa.

ESTRATEGIAS. O IES A Xunqueira II tamén está implicado en diferentes iniciativas da Estratexia Galega para a Educación Dixital 2020 (Edudixital), ao abeiro da que participa no programa de libro electrónico E-Dixgal desde o curso 2017/18, así como nos Espazos Maker, concibidos como zonas específicas dentro dos centros escolares, dotadas cos medios tecnolóxicos necesarios para que o alumnado poida materializar a súa creatividade a través de proxectos propios de experimentación, isto é, «aprender facendo».

Así mesmo, leva dous cursos desenvolvendo o Club de Ciencia, unha iniciativa da Consellería que ten como finalidade estimular o espírito científico entre o alumnado ao tempo que impulsar as voca-

cións STEM (Ciencias, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas) cara a estudos posteriores nos campos de coñecemento do ámbito científico tecnolóxico.

Pomar salientou que o IES participa tamén en numerosos programas do Plan Proxecta, conta cunha ampla experiencia no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares e desenvolve un club de lectura que conta co apoio da Consellería.

A XI Semana da Música do IES celébrase ata o venres 31. O alumnado puido gozar onte da actuación musical dos compañeiros do IES Frei Martín Sarmiento. Ao longo da semana, ademais dos propios estudantes do centro, pasarán tamén polo escenario o CPR Eduardo Pondal (Cangas) e o CEP Campolongo. Ás diferentes actividades asisten tanto alumnado do centro como rapazada de 6º de Primaria dos colexios adscritos. O programa abrangue concertos, bailes, proxeccións, conferencias, e actividades complementarias.

Formación Profesores de Benavente, en Pontevedra

O IES Frei Martín Sarmiento, único centro pontevedrés seleccionado para participar nun intercambio de boas prácticas a través do programa Observa-Acción: Innovación docente dende a observación e o intercambio entre iguais, recibe hoxe ao profesorado do IES Los Sauces de Benavente para levar a cabo dúas xornadas de observación nas aulas.

Los Sauces celebra una carrera solidaria para recaudar fondos contra la leucemia infantil

PONTEVEDRA. El Colegio Los Sauces celebra mañana una carrera solidaria para recaudar fondos para la lucha contra la leucemia infantil. Lo hace en apoyo de la Fundación Unoentre cienmil, que lo destina a la creación de becas de investigación médica para la lucha contra dicha enfermedad.

Todos los participantes respaldan el proyecto comprando un

dorsal por el precio de 2 euros. La participación está abierta a toda la comunidad escolar de Los Sauces, formada por los alumnos y sus familias, profesores, dirección, personal no docente, antiguos alumnos y amigos.

La Fundación Uno entre Cien Mil nació con el objetivo de apoyar la investigación de la leucemia infantil a través de proyectos creati-

vos e innovadores. Esta iniciativa tiene su origen en el compromiso de un padre, José Carnero, dispuesto a convertir el diagnóstico de Leucemia Linfoblástica Aguda de su hijo, Guzmán, en un motor de acciones positivas.

El Colegio Los Sauces desarrolla un proyecto educativo amplio en el que la educación en valores se traslada al día a día.



Concello de
MORAÑA
www.morana.org